

Proposta de acordo polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia

O Decreto 144/2001, do 7 de xuño, establece as indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia e na súa disposición adicional cuarta disponse que o importe das indemnizacións poderá revisarse mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, que se publicará no Diario Oficial de Galicia.

De conformidade co exposto, tendo en conta as circunstancias da situación económica actual, apréciase a necesidade de actualizar determinados importes: por un lado, os das indemnizacións por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención previstas para o persoal empregado público da Xunta de Galicia; e por outro, a contía da indemnización por uso de vehículo particular polo persoal empregado público da Xunta de Galicia.

Respecto deste último importe, a normativa estatal vén de incrementalo, de conformidade coa Orde do Ministerio de Facenda e Función Pública HFP/793/2023, do 12 de xullo, polo que no presente acordo increméntase na mesma contía.

En consecuencia, resulta procedente elevar ao Consello da Xunta de Galicia a presente proposta para a súa aprobación mediante acordo, de conformidade co establecido pola disposición adicional cuarta do Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

Polo exposto, propono a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1 Aprobación da actualización das contías das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención previstas para o persoal empregado público da Xunta de Galicia, nos importes e para os grupos de persoal reflectidos no anexo que se incorpora a este acordo.



- 2 Aprobar a actualización da contía da indemnización por uso de vehículo particular, que queda fixada como segue:

Uso de vehículo particular, 0,26 euros por quilómetro percorrido.

- 3 Ordenar a publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia, que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital
O conselleiro de Facenda e Administración Pública

Miguel Corgos López-Prado



ANEXO

AXUDAS DE CUSTO EN TERRITORIO NACIONAL				
Grupo	PERSOAL	POR ALOXAMENTO	POR MANUTENCIÓN	AXUDA ENTEIRA
1º	Altos cargos, subdirectores xerais e asimilados	120,92 €	53,34 €	174,26 €
2º	Funcionarios subgrupos A1 e A2 e asimilados	77,78 €	44,09 €	121,87 €
3º	Funcionarios subgrupos C1 e asimilados	57,68 €	33,26 €	90,94 €
4º	Persoal non incluído dentro dos anteriores	57,68 €	33,26 €	90,94 €